

BANDO

APERTURA PRAZO DE MATRÍCULA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE PONTEAREAS. CURSO 2018-2019

Período de Solicitudes: desde o 21 de marzo ao 20 de abril

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de ingreso na Escola Infantil Municipal para o vindeiro curso 2018-2019.

Poderase solicitar praza para as nenas e nenos con idade entre os 3 meses e os 3 anos, é dicir, **os nados a partir do 1 de xaneiro de 2016**.

A Escola Infantil Municipal de Ponteareas é unha escola de integración, podendo solicitar praza os/as nenas/os con discapacidade física, psíquica ou sensorial. Neste suposto poderase, logo da valoración técnica, prorrogar a permanencia un ano máis, fóra dos límites da idade.

Os impresos de solicitude pódense recoller na Escola Infantil Municipal, de 10 a 13 horas, ou na páxina web do Concello. Serán entregados no Rexistro Xeral do Concello, debidamente cubertos, en horario de 9 a 13 horas de luns a venres, achegando a documentación solicitada.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o 21 de marzo ao 20 de abril, ambos os dous incluídos.

No caso de falta de documentación ou defecto da aportada outorgaráselles, para a súa corrección, un prazo máximo de 10 días para a presentación dos documentos pendentes.

A Comisión de Baremación será a encargada de efectuar a selección, aplicando os baremos establecidos pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Ponteareas, 19 de marzo de 2018.



Xosé Represas Giráldez